



## INFORME DE INTERVENCIÓN

---

**Asunto:** Informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira a 30 de setembro de 2013 e previsións a 31 de decembro de 2013

En cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro (en diante Orden), pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (en diante LOE), emítase o presente informe de actualización de avaliación do cumprimento de obxectivos da LOE para o terceiro trimestre de 2013, da Deputación Provincial de Lugo e dos seus entes dependentes, constituídos por:

- Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (en diante Consorcio de Bombeiros)
- Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (en diante SUPLUSA)
- Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (en diante Fundación TIC)

A análise refírese ao cumprimento dos seguintes obxectivos:

- Estabilidade orzamentaria a 30 de setembro de 2013 e previsión a 31 de decembro de 2013.
- Débeda pública a 30 de setembro de 2013 e previsión a 31 de decembro de 2013.
- Período medio de pago no 3º trimestre de 2013.
- Regra de gasto, estimada a 31 de decembro de 2013.

O contido da información subministrada relativa á Deputación de Lugo e os seus entes dependentes é a seguinte:

### 1. Comunicación trimestral dos datos individualizados por Entidades.

Datos orzamentarios:

Resumen clasif. Económica.

Desglose ingresos correntes.

Desglose Ingresos de capital e financeiros.

Desglose gastos correntes.

Desglose gastos de capital e financeiros.

Calendario, orzamento de tesourería e cuantías das necesidades de endebedamento.

Remanente de tesourería.

Dotación de plantillas e retribucións (execución).

Anexos información:

F.1.1.B1 Axustes informe de avaliación para relacionar ingresos/gastos con normas SEC.

F.1.1.B2 Información para a aplicación da regra do gasto.

## 2. Axustes ao Sistema de Contas Europeo aplicables ao Grupo de Entidades da Corporación.

2.1 Axustes por operacións internas entre entidades.

## 3. Informe de avaliación grupo Administracións Públicas.

3.0 Datos xerais do informe de avaliación.

Do presente informe darase conta ao Pleno da Deputación.

Con data 30 de outubro de 2013 cumpriuse coa obriga de comunicación da información do terceiro trimestre de 2013 contemplada na Orden, a través da plataforma web habilitada ao efecto polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (achégase copia impresa dos formularios remitidos).

# **1. AVALIACION ESTABILIDADE ORZAMENTARIA A 30 DE SETEMBRO DE 2013 A NIVEL CONSOLIDADO, DÉBEDA PÚBLICA E PERIODO MEDIO DE PAGO**

## **I. Estabilidade orzamentaria a 30 de setembro de 2013**

Realízase a consolidación dos datos contidos nas liquidacións dos orzamentos a 30 de setembro de 2013 da propia Deputación Provincial, do Consorcio de bombeiros, das contas anuais de SUPLUSA e da Fundación TIC.



De conformidade co disposto no artigo 115 do R.D. 500/90, para efectuar a consolidación dos orzamentos anteriores, deberán harmonizarse os estados de gastos e ingresos eliminando as operacións internas.

Os axustes que proceden por **eliminación das operacións internas** serían:

a) Dedución por transferencias correntes da Deputación de Lugo ata 30 de setembro de 2013 a:

1. Consorcio de bombeiros.....	1.728.156,87
2. SUPLUSA.....	2.417.555,41
3. Fundación TIC.....	1.174.091,22
Total.....	5.319.803,50

b) Dedución por gastos correntes da Deputación ata 30 de setembro de 2013 a:

1. SUPLUSA.....	172.356,60
-----------------	------------

c) Dedución por transferencias de capital da Deputación ata 30 de setembro de 2013 a:

1. SUPLUSA.....	668.156,24
-----------------	------------

d) Dedución por inversión reais da Deputación ata 30 de setembro de 2013 a:

1. Fundación TIC.....	36.105,00
-----------------------	-----------

LIQUIDACION A 30 DE SETEMBRO DE 2013  
CONSOLIDADO

		DEPUTACIÓN	CONSORCIO BOMBEROS	SUPLUSA	FUNDACION TIC	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL
INGRESOS	CAP. 1	2.182.962,26	0,00	0,00	0,00	0,00	2.182.962,26
	CAP. 2	2.809.900,15	0,00	0,00	0,00	0,00	2.809.900,15
	CAP. 3	5.877.041,50	737.820,93	706.888,90	0,00	0,00	7.321.751,33
	CAP. 4	40.978.615,00	3.456.313,75	2.581.049,27	1.232.000,66	-5.492.160,10	42.755.818,58
	CAP. 5	606.197,66	2.263,14	273.553,27	23.125,44	0,00	905.139,51
	CAP. 6	396.572,88	0,00	0,00	0,00	0,00	396.572,88
	CAP. 7	2.609.804,14	0,00	668.156,24	36.105,00	-704.261,24	2.609.804,14
	CAP. 8	231.146,00	0,00	0,00	0,00	0,00	231.146,00
	CAP. 9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL		55.692.239,59	4.196.397,82	4.229.647,68	1.291.231,10	-6.196.421,34	59.213.094,85

		DEPUTACIÓN	CONSORCIO BOMBEROS	SUPLUSA	FUNDACION TIC	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL
GASTOS	CAP. 1	13.531.535,83	14.759,31	898.438,39	681.608,95	0,00	15.126.342,48
	CAP. 2	7.591.052,19	3.283.135,91	591.525,59	303.111,24	-172.356,60	11.596.468,33
	CAP. 3	248.920,00	0,00	121.594,79	1.161,68	0,00	371.676,47
	CAP. 4	12.242.542,95	0,00	0,00	40.365,68	-5.319.803,50	6.963.105,13
	CAP. 6	7.003.388,97	328.935,34	841.520,29	16.562,52	-36.105,00	8.154.302,12
	CAP. 7	3.759.329,70	0,00	0,00	0,00	-668.156,24	3.091.173,46
	CAP. 8	1.042.800,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.042.800,00
	CAP. 9	8.273.749,21	0,00	0,00	108.000,00	0,00	8.381.749,21
	TOTAL		53.693.318,85	3.626.830,56	2.453.079,06	1.150.810,07	-6.196.421,34

**SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:**

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	55.461.093,59	4.196.397,82	4.229.647,68	1.291.231,10	-6.196.421,34	58.981.948,85
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	44.376.769,64	3.626.830,56	2.453.079,06	1.042.810,07	-6.196.421,34	45.303.067,99
(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	11.084.323,95	569.567,26	1.776.568,62	248.421,03	0,00	13.678.880,86

A partir dos criterios contidos no "Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais (1ª edición)" elaborado pola Intervención Xeral de Administración do Estado cómpre a realización dunha serie de axustes nas magnitudes orzamentarias anteriores para adaptar a



información contable aos criterios de Contabilidade Nacional contidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95). Tivéronse en conta as seguintes consideracións:

▪ **Nos datos da Deputación de Lugo:**

1. **Rexistro en contabilidade nacional dos impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos:** para os ingresos contabilizados nos capítulos I, II e III (agás os impostos cedidos parcialmente) do orzamento de ingresos, utilízase o criterio de caixa de cada exercicio, sexa do exercicio corrente ou de exercicios pechados. De este xeito obtemos os seguintes importes:

	CAP 1	CAP 2	CAP 3
- Dereitos recoñecidos netos	499.301,11	0,00	5.877.041,50
- Recad. líquida (ex. corrente e pechados)	360.479,61	0,00	5.707.242,55
<b>Axuste (maior déficit en cont. nacional)</b>	<b>-138.821,50</b>	<b>0,00</b>	<b>-169.798,95</b>
<b>Axuste (menor déficit en cont. nacional)</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

2. **Tratamento das entregas a conta de impostos cedidos, do fondo complementario de financiamento e do fondo de financiamento de asistencia sanitaria:** en contabilidade nacional estes pagos rexístranse no período no que se pagan, e a liquidación definitiva resultante, no momento en que se determina a súa contía e se satisfai. Os dereitos recoñecidos netos destes conceptos correspóndense coas entregas a conta mensuais (xaneiro a agosto de 2013) e as devolucións das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondente aos anos 2008 e 2009. Coa finalidade de non incluír no cálculo o efecto das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondente aos anos 2008 e 2009, tal e como se indica no acordo da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal, da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) e na plataforma da oficina virtual da estudades locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación á información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas na Orden HAP/2015/2012, de 1 de outubro en relación ás información trimestrais de 2013.

- Axuste por liq. PTE 2008 (menor déficit en contabilidade nacional) .....316.061,92 €
- Axuste por liq. PTE 2009 (menor déficit en contabilidade nacional) .....1.319.314,56 €

3. **Consolidación de transferencias entre administraciones públicas:** Tódolos dereitos recoñecidos por transferencias correntes e de capital contabilízanse polo criterio do recoñecemento do dereito simultáneo ao cobro efectivo, exceptúanse do criterio xeral anterior as cantidades recoñecidas pendentes de cobro procedentes do Organismo Autónomo INLUDES, extinguido con efectos de 1 de xaneiro de 2013, debidas pola Xunta de Galicia para diferentes proxectos e por o Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos e ingresadas nos primeiros tres trimestres do exercicio, por un importe de 98.150.84 €. Así como as aportacións dos Concellos ao POS e POL e ingresadas no primeiro semestre do exercicio por un importe de 13.797,71 €

Tendo en conta que en contabilidade nacional deben respectarse os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia, considéranse exclusivamente os importes efectivamente recadados ata o 30 de setembro de 2013 por dereitos recoñecidos en dito exercicio ou en exercicios anteriores.

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional) .....111.948,55 €

4. **Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea:** Nos ingresos obtidos pola corporación como destinataria final dos fondos comunitarios, ao xestionar proxectos cofinanciados pola Unión Europea, o momento do recoñecemento dos fondos en contabilidade nacional é o da remisión pola Corporación da certificación do gasto ás unidades administradoras, é dicir, o importe resultante de aplicar a porcentaxe de financiamento que corresponda co gasto certificado e remitido á unidade administradora. Polos citados importes contabilizáronse os dereitos recoñecidos no orzamento de ingreso polo que o criterio da contabilidade da entidade e os de contabilidade nacional coinciden non sendo necesario a realización de ningún axuste.

5. **Tratamento dos xuros en contabilidade nacional:** rexe o principio de devengo, de xeito que deberán incorporarse os xuros devengados nos tres primeiros trimestres do exercicio 2013, tanto vencidos como non vencidos.

PRÉSTAMO	CONTABILIDADE ORZAMENTARIA (capítulo 3)	CONTABILIDADE NACIONAL	AXUSTE (+ MENOR DÉFICIT/- MAIOR DEFICIT)
BBVA (9542679956)	22.935,50	15.300,80	7.634,70
BBVA (0202070105)	1.248,87	1.248,87	0,00
BBVA (95-46196368)	35.059,06	35.059,06	0,00
NOVAGALICIA BANCO (2081/0163/50017080/5)	15.749,23	23.567,92	-7.818,69
NOVAGALICIA BANCO (500-0163-17374/0)	62.821,02	93.309,30	-30.488,28
BBVA (11-0058011)	10.227,70	10.227,70	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>148.041,38</b>	<b>178.713,65</b>	<b>-30.672,27</b>



**6. Arrendamentos financeiros:**

Contabilizase orzamentariamente cada ano a amortización no capítulo 6 e o gasto financeiro no capítulo 3. Os contratos de arrendamento financeiro vixentes no exercicio proceden de exercicios pasados polo que é preciso a realización dun axuste negativo neste período polo importe das cotas de recuperación do custe dos bens por un importe de 63.138,33 €.

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional) ..... 63.138,33

7. Non existen investimentos realizados polo sistema de “abono total do prezo” ou realizados por conta da Deputación, nin percepción de dividendos ou participación en beneficios. Tampouco houbo operacións de permuta financeira, nin operacións de execución e reintegro de avais, nin aportacións de capital a empresas públicas no exercicio, nin asunción ou cancelación de débedas de empresas públicas provinciais, nin gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local.

▪ **Nos datos do Consorcio de bombeiros:**

1. **Consolidación de transferencias entre administracións públicas:** as transferencias concedidas pola Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo ao Consorcio coinciden cos dereitos recoñecidos no Consorcio polo que non se realiza ningún axuste para pasar ao déficit ou superávit de contabilidade nacional

2. Non se considera necesario a realización de máis axustes para a adaptación dos importes iniciais a contabilidade nacional.

▪ **Nos datos de SUPLUSA:**

1. **Tratamento dos xuros en contabilidade nacional:** rexe o principio de devengo, de xeito que deberán incorporarse os xuros devengados no exercicio, tanto vencidos como non vencidos. Todos os xuros recoñecidos no orzamento de gastos nos tres primeiros trimestres correspóndense con xuros devengados, vencidos ou non vencidos no referido período, polo que non é preciso a realización de ningún axuste.

2. **Variación de produtos terminados e en curso de fabricación:** non existe, deducido da conta de pérdidas e ganancias, variación de existencias polo que non é preciso a realización de ningún axuste.

3. **Imposto de sociedades:** o importe a considerar como gasto non é o imposto devengado contablemente e que figura na conta de perdas e ganancias (-89,90 €) senón os pagos a conta realizados ata 30 de setembro (291,47 €) máis ou menos o resultado da liquidación final correspondente aos exercicios anteriores segundo sexan a pagar ou a devolver (neste caso ingresouse a liquidación definitiva do importe de sociedades de 2011 por un importe de 616,32 €).

-Axuste (menor gasto-menor déficit en contabilidade nacional)..... 234,95

4. **Provisións para riscos e gastos:** en contabilidade nacional non existen provisións para riscos e gastos, xa que unicamente deben reflexarse os fluxos económicos producidos e non as previsións de gastos. Estas dotacións, aínda que están reflexadas na conta de pérdidas e ganancias, non se consideran gastos en contabilidade nacional. Non se dotaron neste período provisións polo que non é preciso a realización de ningún axuste.

5. **Consolidación de transferencias correntes entre administracións públicas:** Tendo en conta que en contabilidade nacional deben respectarse os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia, considéranse os importes efectivamente recoñecidos nos tres primeiros trimestres de 2013 pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, en concreto:

- Deputación Lugo. Encomenda barcos (liquidación: 1-10-12 a 31-12-12).....	1,55
- Deputación Lugo. Encomenda barcos (liquidación: 1-01-13 a 31-05-13).....	172.355,05
- Deputación Lugo. Intereses pagos a confederación hidrográfica .....	1.172,28
- Deputación Lugo. Liquidación encomenda X.G. 25/02/11 .....	20,39
- Deputación Lugo. Aportación ordinaria.....	2.407.500,00
<b>Total Deputación Lugo .....</b>	<b>2.581.049,27</b>

Os anteriores importes coinciden cos contabilizados pola sociedade polo que non é necesario a realización de ningún axuste.

6. **Subvencións de capital recibidas:** Aos efectos de contabilidade nacional as subvencións de capital recibidas deben computar como ingresos integramente no exercicio no que se reciben, independente de que as normas contables establezan outro tratamento. Concretamente, no Plan Xeral de





Contabilidade da Empresa privada preveese que as subvencións de capital recibidas contabilizaranse no pasivo do balance e imputaranse a resultados cando se alleen, amortizen ou se den de baixa os bens que contribuíron a financiar.

Ademais, para garantir a correcta consolidación das operacións, o importe a computar como ingresos en contabilidade nacional polas unidades receptoras de transferencias de capital debe coincidir co gasto que se rexistre na unidade que a concede. En definitiva, as transferencias de capital impútanse íntegras como ingresos da unidade receptora no exercicio en que se reciben, sen prexuízo que en contabilidade financeira se imputen a resultados ano a ano. En concreto, ata o 30 de setembro de 2013 percibíronse as seguintes subvencións, coincidindo co criterio do ente pagador (Deputación de Lugo):

- Deputación Lugo. Convenio Confederación Hidrográfica.....	668.156,24
<b>Total Deputación Lugo .....</b>	<b>668.156,24</b>

Por tanto, non é preciso a realización de ningún axuste.

▪ **Nos datos da Fundación TIC:**

1. **Arrendamentos financeiros:** contabilízase orzamentariamente cada ano a amortización no capítulo 6 e o gasto financeiro no capítulo 3. Os contratos de arrendamento financeiro vixentes no exercicio proceden de exercicios pasados polo que é preciso a realización dun axuste negativo neste período de 2013 polo importe das cotas de recuperación do custe dos bens por un importe de 12.567,10 €.

-Axuste (menor gasto-menor déficit en contabilidade nacional).....	12.567,10
--	-----------

2. Non se considera necesario a realización de máis axustes para a adaptación dos importes iniciais á contabilidade nacional.

**Tendo en conta todas as consideracións anteriores realízanse os axustes e preséntase a información consolidada en termos de contabilidade nacional, de acordo coa definición contida no sistema europeo de Contas Nacionais e Rexionais:**

LIQUIDACION A 30 DE SETEMBRO DE 2013 S/ CONTABILIDAD NACIONAL  
CONSOLIDADO

		DEPUTACIÓN	CONSORCIO BOMBEROS	SUPLUSA	FUNDACION TIC	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL
I N G R E S O S	CAP. 1	2.054.022,28	0,00	0,00	0,00	0,00	2.054.022,28
	CAP. 2	2.942.881,99	0,00	0,00	0,00	0,00	2.942.881,99
	CAP. 3	5.707.242,55	737.820,93	706.888,90	0,00	0,00	7.151.952,38
	CAP. 4	42.569.278,96	3.456.313,75	2.581.049,27	1.232.000,66	-5.492.160,10	44.346.482,54
	CAP. 5	606.197,66	2.263,14	273.553,27	23.125,44	0,00	905.139,51
	CAP. 6	396.572,88	0,00	0,00	0,00	0,00	396.572,88
	CAP. 7	2.623.601,85	0,00	668.156,24	36.105,00	-704.261,24	2.623.601,85
	CAP. 8	231.146,00	0,00	0,00	0,00	0,00	231.146,00
	CAP. 9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>		<b>57.130.944,17</b>	<b>4.196.397,82</b>	<b>4.229.647,68</b>	<b>1.291.231,10</b>	<b>-6.196.421,34</b>	<b>60.651.799,43</b>

		DEPUTACIÓN	CONSORCIO BOMBEROS	SUPLUSA	FUNDACION TIC	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL
G A S T O S	CAP. 1	13.531.535,83	14.759,31	898.438,39	681.608,95	0,00	15.126.342,48
	CAP. 2	7.591.052,19	3.283.135,91	591.290,64	303.111,24	-172.356,60	11.596.233,38
	CAP. 3	279.592,27	0,00	121.594,79	1.161,68	0,00	402.348,74
	CAP. 4	12.242.542,95	0,00	0,00	40.365,68	-5.319.803,50	6.963.105,13
	CAP. 6	6.940.250,64	328.935,34	841.520,29	3.995,42	-36.105,00	8.078.596,69
	CAP. 7	3.759.329,70	0,00	0,00	0,00	-668.156,24	3.091.173,46
	CAP. 8	1.042.800,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.042.800,00
	CAP. 9	8.273.749,21	0,00	0,00	108.000,00	0,00	8.381.749,21
	<b>TOTAL</b>		<b>53.660.852,79</b>	<b>3.626.830,56</b>	<b>2.452.844,11</b>	<b>1.138.242,97</b>	<b>-6.196.421,34</b>

**SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCIERO:**

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	56.899.798,17	4.196.397,82	4.229.647,68	1.291.231,10	-6.196.421,34	60.420.653,43
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	44.344.303,58	3.626.830,56	2.452.844,11	1.030.242,97	-6.196.421,34	45.257.799,88
(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	12.555.494,59	569.567,26	1.776.803,57	260.988,13	0,00	15.162.853,55

Dos datos extraídos segundo o procedemento anterior obsérvase que a liquidación ao terceiro trimestre de 2013 atende ao principio de estabilidade orzamentaria producíndose unha capacidade de financiamento, xa que a suma dos ingresos non financeiros (en adiante INF), capítulo I a VII do Orzamento de ingresos é superior á suma dos gastos non financeiros (en adiante GNF), capítulo I a VII do Orzamento de gastos:



## DEPUTACIÓN DE LUGO

- INF (Capítulo I a VII):	60.420.653,43 €	
- GNF (Capítulo I a VII):	45.257.799,88 €	
<b>Diferenza.....</b>	<b>15.162.853,55 €</b>	(+ capac. de financ./- necesidade de financ.)

### **II) Débeda pública:**

A 30 de setembro de 2013 e na previsión a 31 de decembro de 2013 a Deputación de Lugo cumpre cos límites de débeda pública, segundo se amosa na seguinte información (segundo a Disposición final 31 da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2013):

. Débeda viva a 01-01-2013 <sup>(*)</sup> .....	51.609.618,33 €
. Débeda viva a 31-03-2013 <sup>(*)</sup> .....	49.544.702,14 €
. Débeda viva a 30-06-2013 <sup>(*)</sup> .....	43.492.085,81 €
. Débeda viva a 30-09-2013 <sup>(*)</sup> .....	41.364.730,79 €
. Débeda viva a 31-12-2013 <sup>(*)</sup> (previsión).....	37.658.706,37 €

(\*) Inclúe operacións de crédito co sector financeiro, o sector público e operación de arrendamento financeiro

. Operacións de tesourería .....	Non existen
. Dereitos liquidados por operacións correntes na liquidación de 2012 a nivel consolidado.....	77.054.705,00 €
. Ingresos afectados a operacións de capital aplicados nos capítulos 1 a 5 .....	Non existen
. Ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 .....	Non existen

. Nivel de endebedamento a 01-01-2013 .....	66,98 %
. Nivel de endebedamento a 31-03-2013 .....	64,30 %
. Nivel de endebedamento a 30-06-2013 .....	56,44 %
. Nivel de endebedamento a 30-09-2013 .....	53,68 %
. Nivel de endebedamento a 31-12-2013 (previsión).....	48,87 %

. Aforro bruto a 30-09-2013 .....	19.089.585,60 €
. Aforro neto a 30-09-2013 .....	10.566.916,39 €
. Aforro neto deducidas as obrigas financiadas con remanente líquido de tesourería (7.786.839,41 €) .....	18.353.755,80 €

### **III) Período medio de pago:**

O período medio de pago da Deputación de Lugo e os seus entes dependentes en relación co cumprimento de prazos da Lei 15/2010, do terceiro trimestre de 2013 é o seguinte:

. Deputación de Lugo.....	36,58 días
. Consorcio de bombeiros.....	47,05 días
. SUPLUSA.....	15,86 días
. Fundación TIC.....	24,56 días

## **2. AVALIACION ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E REGRA DE GASTO SOBRE A ESTIMACIÓN DA LIQUIDACIÓN A NIVEL CONSOLIDADO A 31 DE DECEMBRO DE 2013**

Realízase a consolidación dos datos contidos nas estimacións das liquidacións da propia Deputación Provincial e do Consorcio de bombeiros, e das contas anuais estimadas de SUPLUSA e da Fundación TIC a 31 de decembro de 2013.

De conformidade co disposto no artigo 115 do R.D. 500/90, para efectuar a consolidación dos orzamentos anteriores, deberán harmonizarse os estados de gastos e ingresos eliminando as operacións internas.

Os axustes que proceden por **eliminación das operacións internas** serían:

a) Dedución por transferencias correntes da Deputación de Lugo no exercicio 2013 a:

1. Consorcio de bombeiros..... 2.010.298,73
2. SUPLUSA..... 3.361.192,67
3. Fundación TIC..... 1.565.455,00

b) Dedución por gastos correntes da Deputación en 2013 a:

1. SUPLUSA..... 586.376,60



## DEPUTACIÓN DE LUGO

c) Deducción por transferencias de capital da Deputación no exercicio 2013 a:

1. SUPLUSA..... 668.156,24
2. Consorcio de bombeiros..... 168.045,17

d) Deducción por inversión reais da Deputación no exercicio 2013 a:

1. Fundación TIC..... 36.105,00

Total operación internas.....8.395.629,41

### ▪ Deputación Provincial de Lugo:

---

- As hipóteses para á estimación da liquidación a 31 de decembro de 2013 son as seguintes:

- En gastos:

- As aportacións ós entes dependentes prevense no 100%.
- O proxecto europeo Innovate2 preveese un nivel de execución de 4.632.869,56 € a 31-12-03.
- O proxecto europeo LugO2 Provincial preveese un nivel de execución de 2.356.122,04 € a 31-12-03.
- O proxecto europeo Pacto provincial polo emprego II preveese un nivel de execución de 0,00 a 31-12-03.
- As subvencións a Concellos para o Programa de fomento de emprego temporal por un importe total de 2.000.000,00 € preveese executar a 31-12-2013 1.800.000,00 €.
- Cargas financeiras: 100% do previsto no orzamento.
- Resto de aplicacións: pola media porcentual das obrigas recoñecidas nos anos 2010-2011-2012 respecto dos créditos definitivos, separando as obrigas do propio exercicio das procedentes de incorporacións de remanentes de crédito de anos anteriores, por considerar que teñen un diferente nivel de execución, segundo se desprende dos seguintes cadros relativos aos grados de execución das liquidación de 2010, 2011 e 2012:

CAPÍTULOS	2010								
	Crédito definitivos			Obrigas Recoñecidas Netas			% O.R. sobre C.D.		
	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorporacións	Total
I GASTOS PERSOAL	29.082.564,78	516.015,07	29.598.579,85	26.836.026,39	492.548,79	27.328.575,18	92,28%	95,45%	92,33%
II GASTOS EN BENS CORRENTES	16.251.975,03	2.604.158,52	18.856.133,55	11.837.541,90	2.010.739,07	13.848.280,97	72,84%	77,21%	73,44%
III GASTOS FINANCIEROS	1.227.081,02	0,00	1.227.081,02	142.184,85	0,00	142.184,85	11,59%	#DIV/0!	11,59%
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	21.618.776,68	5.150.458,21	26.769.234,89	4.747.635,63	4.772.408,77	9.520.044,40	21,96%	92,66%	35,56%
IV' TRANSF. ENTES DEPENDIENTES	13.665.257,13	1.142.028,07	14.807.285,20	11.522.214,16	1.755.024,49	11.697.716,65	84,32%	15,37%	79,00%
VI INVERSIONES REAIS	55.464.075,19	37.747.818,99	93.211.894,18	9.110.389,71	19.553.425,32	28.663.815,03	16,43%	51,80%	30,75%
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	22.503.271,88	11.044.880,57	33.548.152,45	1.956.985,53	8.700.758,39	10.657.743,92	8,70%	78,78%	31,77%
VIII' TRANSF. ENTES DEPENDIENTES	2.467.183,44	3.814.582,51	6.281.765,95	956.268,79	1.483.151,76	2.439.420,55	38,76%	38,88%	38,83%
VIII VARIACIONES DE ACTIVOS FINANCIEROS	425.075,00	0,00	425.075,00	334.000,00	0,00	334.000,00	78,57%	#DIV/0!	78,57%
IX VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS	1.556.529,06	0,00	1.556.529,06	1.556.529,06	0,00	1.556.529,06	100,00%	#DIV/0!	100,00%
TOTAIS	164.261.789,21	62.019.941,94	226.281.731,15	68.999.776,02	37.188.534,59	106.188.310,61	42,01%	59,96%	46,93%

CAPÍTULOS	2011								
	Crédito definitivos			Obrigas Recoñecidas Netas			% O.R. sobre C.D.		
	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorporacións	Total
I GASTOS PERSOAL	17.782.352,16	1.072.125,35	18.854.477,51	17.348.197,01	1.009.959,09	18.358.156,10	97,56%	94,20%	97,37%
II GASTOS EN BENS CORRENTES	14.193.539,47	2.568.822,40	16.762.361,87	11.642.756,29	2.250.327,54	13.893.083,83	82,03%	87,60%	82,88%
III GASTOS FINANCIEROS	1.394.324,12	0,00	1.394.324,12	981.609,19	0,00	981.609,19	70,40%	#DIV/0!	70,40%
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	9.566.273,79	16.287.529,24	25.853.803,03	5.088.379,61	14.925.019,16	20.013.398,77	53,19%	91,63%	77,41%
IV' TRANSF. ENTES DEPENDIENTES	17.972.482,83	2.138.665,47	20.111.148,30	14.037.616,18	1.160.921,06	15.198.537,24	78,11%	54,28%	75,57%
VI INVERSIONES REAIS	22.451.450,89	59.387.618,89	81.839.069,78	8.806.658,33	42.304.425,44	51.111.083,77	39,23%	71,23%	62,45%
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	8.008.797,80	21.881.563,13	29.890.360,93	3.728.405,06	19.853.651,82	23.582.056,88	46,55%	90,73%	78,90%
VIII' TRANSF. ENTES DEPENDIENTES	409.500,00	1.246.460,01	1.655.960,01	409.500,00	1.075.341,00	1.484.841,00	100,00%	86,27%	89,67%
VIII VARIACIONES DE ACTIVOS FINANCIEROS	320.000,00	0,00	320.000,00	130.000,00	0,00	130.000,00	40,63%	#DIV/0!	40,63%
IX VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS	15.251.511,10	0,00	15.251.511,10	14.789.766,72	0,00	14.789.766,72	96,97%	#DIV/0!	96,97%
TOTAIS	107.350.232,16	104.582.784,49	211.933.016,65	76.962.888,39	82.579.645,11	159.542.533,50	71,69%	78,96%	75,28%

CAPÍTULOS	2012								
	Crédito definitivos			Obrigas Recoñecidas Netas			% O.R. sobre C.D.		
	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorporacións	Total
I GASTOS PERSOAL	18.444.888,88	421.280,35	18.866.169,23	16.125.842,73	375.535,16	16.501.377,89	87,43%	89,14%	87,47%
II GASTOS EN BENS CORRENTES	15.901.058,84	1.922.547,25	17.823.606,09	9.303.467,56	1.333.173,07	10.636.640,63	58,51%	69,34%	59,68%
III GASTOS FINANCIEROS	1.226.880,99	0,00	1.226.880,99	727.086,53	0,00	727.086,53	59,26%	#DIV/0!	59,26%
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	9.504.206,15	4.846.686,88	14.350.893,03	4.801.260,06	4.012.810,07	8.814.070,13	50,52%	82,79%	61,42%
IV' TRANSF. ENTES DEPENDIENTES	14.859.706,24	3.931.543,69	18.791.249,93	14.855.300,71	2.645.149,87	17.500.450,58	99,97%	67,28%	93,13%
VI INVERSIONES REAIS	24.797.163,74	23.837.302,96	48.634.466,70	4.834.531,66	14.051.350,50	18.885.882,16	19,50%	58,95%	38,83%
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	10.592.029,86	4.945.694,40	15.537.724,26	5.154.031,84	2.844.680,53	7.998.712,37	48,66%	57,52%	51,48%
VIII' TRANSF. ENTES DEPENDIENTES	253.600,00	0,00	253.600,00	0,00	0,00	0,00	0,00%	0,00%	0,00%
VIII VARIACIONES DE ACTIVOS FINANCIEROS	262.000,00	0,00	262.000,00	261.240,00	0,00	261.240,00	99,71%	#DIV/0!	99,71%
IX VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS	8.256.819,71	0,00	8.256.819,71	8.214.437,10	0,00	8.214.437,10	99,49%	#DIV/0!	99,49%
TOTAIS	104.098.354,41	39.905.055,53	144.003.409,94	64.277.198,19	25.262.699,20	89.539.897,39	61,75%	63,31%	62,18%

	% O.R. sobre C.D. 2010 - 2012		
	Corrente	Incorporacións	Total
I	92,42%	92,93%	92,39%
II	71,12%	78,05%	72,00%
III	47,08%	#DIV/0!	47,08%
IV	41,89%	89,03%	58,13%
IV'	87,46%	45,64%	82,57%
VI	25,05%	60,66%	44,01%
VII	34,64%	75,68%	54,05%
VII'	46,25%	41,72%	42,83%
VIII	72,97%	#DIV/0!	72,97%
IX	98,82%	#DIV/0!	98,82%
	58,48%	67,41%	61,46%

En ingresos: realízase unha análise individualizada por conceptos considerando os niveis de execución que presentan a liquidación a 31 de decembro de 2012, o estado de execución do orzamento á data do presente informe e información certa disponible.

A previsión de liquidación a 31 de decembro de 2013, tendo en conta as premisas anteriores é como sigue:



## PREVISION LIQUIDACION DEPUTACION DE LUGO A 31 DE DECEMBRO DE 2013

		PREV. DEFINITIVA	DRN A 30/06/2013	ESTIMACION DRN A 31/12/2013
I N G R E S O S	CAP. 1	4.996.547,69	2.182.962,26	5.297.566,16
	CAP. 2	3.970.767,20	2.809.900,15	4.171.992,99
	CAP. 3	6.584.063,71	5.877.041,50	6.340.881,86
	CAP. 4	65.640.678,39	40.978.615,00	62.575.381,91
	CAP. 5	880.000,00	606.197,66	732.617,49
	CAP. 6	20.000,00	396.572,88	209.333,48
	CAP. 7	17.554.144,00	2.609.804,14	7.125.633,73
	CAP. 8	40.278.866,19	231.146,00	231.146,00
	CAP. 9	0,00	0,00	0,00
TOTAL		139.925.067,18	55.692.239,59	86.684.553,62

		PREV. DEFINITIVA			ESTIMACION ORN A 31-12-2013		
		CORRIENTE	IR	TOTAL	CORRIENTE	IR	TOTAL
G A S T O S	CAP. 1	23.293.513,66	479.385,73	23.772.899,39	21.379.844,13	447.884,35	21.827.728,48
	CAP. 2	15.539.253,46	5.183.724,82	20.722.978,28	10.666.270,07	2.762.314,87	13.428.584,94
	CAP. 3	696.366,34	0,00	696.366,34	696.366,34	0,00	696.366,34
	CAP. 4	19.854.767,32	4.458.149,50	24.312.916,82	13.222.563,52	3.969.090,50	17.191.654,02
	CAP. 6	16.414.164,56	27.828.088,90	44.242.253,46	2.501.924,41	16.062.213,98	18.564.138,39
	CAP. 7	7.206.211,00	7.378.878,88	14.585.089,88	2.498.584,45	5.584.335,54	8.082.919,99
	CAP. 8	1.233.000,00	0,00	1.233.000,00	1.151.910,00	0,00	1.151.910,00
	CAP. 9	10.377.896,34	0,00	10.377.896,34	10.377.896,34	0,00	10.377.896,34
	TOTAL		94.615.172,68	45.328.227,83	139.943.400,51	62.495.359,26	28.825.839,24

## SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCIERO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	86.453.407,62
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	79.791.392,16
(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	6.662.015,46

É preciso a realización dos seguintes axustes para adaptar os importes da estimación da liquidación á contabilidade nacional:

1. **Rexistro en contabilidade nacional dos impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos:** para os ingresos contabilizados nos capítulos I, II e III (agás os impostos cedidos parcialmente) do orzamento de ingresos, utilízase o criterio de caixa de cada exercicio, sexa do exercicio corrente ou de exercicios pechados

Por elo, aplicaremos ó importe dos capítulos 1, 2 e 3 do orzamento (con exclusión dos conceptos relativos a cesión de tributos estatais) a porcentaxe estimada da recadación neta. Tómase como estimación a porcentaxe que na liquidación do orzamento de 2012 (último exercicio pechado e liquidado) obtívose dos dereitos recadados netos, fronte os dereitos previstos do capítulos 1 ao 3 (con exclusión dos conceptos relativos a cesión de tributos)

	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS 2012	RECADACION NETA 2012	%
CAPÍTULO I (*)	3.021.335,84	2.833.377,14	93,78%
CAPÍTULO II (*)	0,00	0,00	-
CAPÍTULO III	5.186.942,87	4.996.794,27	96,33%
<b>TOTAL (*)</b>	<b>8.208.278,71</b>	<b>7.830.171,41</b>	<b>95,39%</b>

(\*) Agás conceptos relativos a cesión de tributos

Por outra banda consideraranse os ingresos recadados de exercicios pechados dos capítulos 1, 2 e 3 (con exclusión dos conceptos relativos a cesión de tributos estatais), continuando co criterio de caixa, á vista dos datos de recadación do ano 2012 (último pechado e liquidado) obtense o seguinte desglose:

	PENDENTE A 1-1-2012	RECADACION 2012	%
1989	6.010,12	0,00	0,00%
1993	231,69	0,00	0,00%
1994	250,89	0,00	0,00%
1995	435,61	0,00	0,00%
1996	820,14	0,00	0,00%
1997	2.974,43	102,23	3,44%
1998	4.433,00	59,38	1,34%
1999	8.663,84	244,43	2,82%
2000	25.253,31	254,43	1,01%
2001	20.903,29	730,64	3,50%
2002	122.123,32	1.758,37	1,44%
2003	5.509,19	190,64	3,46%
2004	6.229,58	24,34	0,39%
2005	8.367,15	0,00	0,00%
2006	97.089,19	598,87	0,62%





	PENDENTE A 1-1-2012	RECADACION 2012	%
2007	17.257,59	344,75	2,00%
2008	22.534,72	9.141,23	40,57%
2009	38.617,48	11.358,25	29,41%
2010	657.639,14	578.302,04	87,94%
2011	1.553.990,30	709.377,01	45,65%
<b>TOTAL</b>	<b>2.599.333,98</b>	<b>1.312.486,61</b>	<b>50,49%</b>

En conclusión, segundo as contas de recadación do ano 2012 (o derradeiro pechado e liquidado) dos ingresos de exercicios pechados, cobrouse o 50,49% do saldo pendente a 1 de xaneiro de 2012. O citado porcentaxe aplicarase aos dereitos de cobro pendentes de recadar existentes a 31 de decembro de 2012.

	CAP 1	CAP 2	CAP 3
- Dereitos recoñecidos netos	2.845.943,71	0,00	6.340.881,86
- Recad. líquida (ex. corrente e pechados)	2.960.767,95	0,00	6.774.903,83
<b>Axuste (maior déficit en cont. nacional)</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>Axuste (menor déficit en cont. nacional)</b>	<b>114.824,24</b>	<b>0,00</b>	<b>434.021,97</b>

**2. Tratamento das entregas a conta de impostos cedidos, do fondo complementario de financiamento e do fondo de financiamento de asistencia sanitaria:** en contabilidade nacional estes pagos rexístranse no período no que se pagan, e a liquidación definitiva resultante, no momento en que se determina a súa contía e se satisfai. Os dereitos recoñecidos netos previstos destes conceptos correspóndense coas entregas a conta mensuais (xaneiro a decembro de 2013), a liquidación definitiva de 2011 e as devolucións das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondente aos anos 2008 e 2009 . Coa finalidade de non incluír no cálculo o efecto das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondente aos anos 2008 e 2009, tal e como se indica no acordo da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal, da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) e na plataforma da oficina virtual da entidades locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación á información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas na Orden HAP/2015/2012, de 1 de outubro en relación ás información trimestrais de 2013

- Axuste por liq. PTE 2008 (menor déficit en contabilidade nacional) .....474.089,52 €
- Axuste por liq. PTE 2009 (menor déficit en contabilidade nacional) .....1.978.971,84 €

3. **Consolidación de transferencias entre administración públicas:** Tódolos dereitos recoñecidos por transferencias correntes e de capital contabilízanse polo criterio do recoñecemento do dereito simultáneo ao cobro efectivo.

Exceptúanse do criterio xeral anterior as cantidades recoñecidas pendentes de cobro procedentes do Organismo Autónomo INLUDES, extinguido con efectos de 1 de xaneiro de 2013, debidas pola Xunta de Galicia para diferentes proxectos e por o Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos e ingresadas no primeiro semestre do exercicio, por un importe de 98.150.84 €. Así como as aportacións dos Concellos ao POS e POL e ingresadas no primeiro semestre do exercicio por un importe de 13.797,71 €

Tendo en conta que en contabilidade nacional deben respectarse os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia, considéranse exclusivamente os importes efectivamente recadados nos tres primeiros trimestres de 2013 por dereitos recoñecidos en dito exercicio ou en exercicios anteriores.

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional) .....111.948,55 €

4. **Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea:** Nos ingresos obtidos pola corporación como destinataria final dos fondos comunitarios, ao xestionar proxectos cofinanciados pola Unión Europea, o momento do recoñecemento dos fondos en contabilidade nacional é o da remisión pola Corporación da certificación do gasto ás unidades administradoras, é dicir, o importe resultante de aplicar a porcentaxe de financiamento que corresponda co gasto certificado e remitido á unidade administradora. Polos citados importes preveese recoñecer os dereitos recoñecidos no orzamento de ingreso polo que o criterio da contabilidade da entidade e os de contabilidade nacional coinciden non sendo necesario a realización de ningún axuste.

5. **Tratamento dos xuros en contabilidade nacional:** rexe o principio de devengo, de xeito que deberán incorporarse os xuros devengados no exercicio 2013, tanto vencidos como non vencidos.

Todos os xuros recoñecidos na previsión de liquidación de gastos no citado período correspóndense con xuros devengados e vencidos no exercicio, agás os relativos á:

- Operación de préstamo formalizado co BBVA (Nº préstamo: 9542679956) no que o importe vencido a 31/07/2013 (22.935,50€) correspóndense con xuros devengados no período de 1 de agosto de 2012 a 31 de xullo de 2013. Por outra banda os xuros devengados entre 1 de agosto de 2013 e 31 de decembro de 2013 terán como data de vencemento o 31 de xullo de 2014.



PRÉSTAMO	CONTABILIDADE ORZAMENTARIA (cap. 3)	CONTABILIDADE NACIONAL	AXUSTE (+ MENOR DÉFICIT/ -MAIOR DEFICIT)
BBVA (9542679956)	22.935,50	18.191,30	4.744,20

6. **Arrendamentos financeiros:** Contabilizase orzamentariamente cada ano a amortización no capítulo 6 e o gasto financeiro no capítulo 3. Os contratos de arrendamento financeiro vixentes no exercicio proceden de exercicios pasados polo que é preciso a realización dun axuste negativo para este período polo importe das cotas de recuperación do custe dos bens previstas para o exercicio por un importe de 84.472,42 €.

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional) ..... 84.472,42

7. Non existen investimentos realizados polo sistema de “abono total do prezo” ou realizados por conta da Deputación, nin percepción de dividendos ou participación en beneficios. Tampouco houbo operacións de permuta financeira, nin operacións de execución e reintegro de avais, nin aportacións de capital a empresas públicas no exercicio, nin asunción ou cancelación de débedas de empresas públicas provinciais, nin gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA ESTIMACIÓN DA LIQUIDACION A 31 DE DECEMBRO DE 2013  
NACIONAL

S/ CONTABILIDADE

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:		DEPUTACIÓN
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)		86.453.407,62
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)		79.791.392,16
(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO		6.662.015,46
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	114.824,24
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0,00
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	434.021,97
GR001	(+) Axuste por liquidación PTE - 2008	474.089,52
GR002	(+) Axuste por liquidación PTE - 2009	1.978.971,84
GR006	Xuros	4.744,20
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00
GR015	(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00
GR009	Invers. realizadas por conta da Corporación	0,00
GR004	Ingresos por alleamentos de accións (privatizacións)	0,00
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00
GR016	Ingresos obtidos do pto. da Union Europea	0,00
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00
GR012	Aportacións de capital	0,00
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	0,00
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00
GR008a	Arrendamento financeiro	84.472,42
GR008b	Contratos de asociación publico privada (APP's)	0,00
GR010	Inversións realizadas pola corporación local por conta doutra Administración Publica	0,00
GR019	Préstamos	0,00
GR099	Outros (Transferencias entre AAPP)	111.948,55
<b>Total de axustes ao orzamento da Entidade</b>		<b>3.203.072,74</b>
(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO AXUSTADO		9.865.088,20



APLICACIÓN DA REGRA DO GASTO NA ESTIMACIÓN DA LIQUIDACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2013  
S/ CONTABILIDADE NACIONAL

(importes en €)

Concepto	Liquidación Eercicio 2012 (1)	Estimación Liquidación 2013	Observacións
<b>Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos (excluídos gts. Financeiros)</b>	<b>91.197.131,48</b>	<b>79.095.025,82</b>	
<b>AXUSTES Cálculo empregos non financeiros según o SEC</b>	<b>-73.170,82</b>	<b>-84.472,42</b>	
(-) Alleamento de terreos e demais inversións reais.	0,00	0,00	
